



D.- A EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN MUNDIAL

D.1.- Os modelos ou réximes demográficos

Na evolución da poboación ao longo do tempo distínguense varias etapas ou réximes demográficos. O paso dunha etapa a outra varía segundo os distintos países do mundo, pois depende do seu grao de desenvolvemento económico, social e cultural.



A **natalidade** é moi alta (non control: os fillos son axuda...), a **mortalidade** tamén é moi elevada, sobre todo a infantil, debido ás epidemias, fames negras, guerras.... A **esperanza de vida** é moi baixa. O **crecemento** é moi baixo, incluso ás veces negativo.




Desde ½ do s.XX a **nat.** descende ata chegar a ser moi baixa (control voluntario, os fillos son caros...), a **mort.** tamén é moi baixa (bo nivel de vida, atención médica...) A **esp. de vida** é moi alta. O **crecemento** é moi baixo, polo que se produce un estanca-mento da pob.; o gran avellentamento da pob. levará a un aumento da mort. e a un **crecemento negativo!**

A solución sería...


Desde finais do s.XVIII, grazas á Revolución Industrial, a **nat.** mantense alta e a **mort.** sofre un notable descenso debido ás maiores colleitas, máis hixiene, avances sanitarios, ... A **esp. de vida** aumenta. O **gran crec. da pob.** deu lugar á “**Revolución Demográfica**”, para evitar a superpoboación foi necesario emigrar desde Europa a América, África, Asia....



Ata mediados do s.XX ou incluso máis tarde a **natalidade** é moi alta (non control: os fillos son axuda...), a **mortalidade** tamén é moi elevada, sobre todo a infantil, debido á falta de recursos: fame, falta de atención médica.... A **esperanza de vida** é moi baixa. O **crecemento** é moi baixo, incluso ás veces negativo.



MODELO DEMOGRÁFICO DOS PAÍSES POBRES África, algúns países asiáticos e americanos.



Desde as últimas décadas do s.XX a **nat.** mantense alta e a **mort.** sofre un notable descenso grazas ás axudas económicas e sanitarias recibidas dos países desenvolvidos. A **esp. de vida** aumenta. O **gran crec. da pob.** provoca unha “*Explosión Demográfica*” que xenera graves problemas de superpoboación, para fuxir da miseria parte da poboación decide...

A *solución* sería...

